



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE BANDE E O CONCELLO DE MUIÑOS PARA O MANTEMENTO DA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, José Antonio Armada Pérez, alcalde do Concello de Bande, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Por outra parte, Plácido Álvarez Dobaño, alcalde do Concello de Muíños, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN




Primeiro. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Segundo. A Constitución Española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Asemade, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Este mesmo senso, o artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que as





administracións públicas poden subscribir convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

Cuarto. O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.


Quinto.- O artigo 80 da LALGA, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopa a protección do medio ambiente e a salubridade pública.

Sexto. O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, a Orde do 21 de decembro de 2016, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de decembro), aplica parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado (artigo 2.1.c).

Sétimo. Os Concellos de Bande e Muíños expuxeron a necesidade manter unha brigada de protección e mantemento de espazos naturais que responda ás singularidades e necesidades de ambos concellos.

O Concello de Bande conta cunha extensión de 99,4Km², pertence a comarca da Baixa Limia, limita con Muíños, o cal conta con una extensión duns 109,7 KM². Ambos concellos contan cunha gran riqueza arqueolóxica, proba disto son os numerosos elementos patrimoniais existentes nos dous concellos tales como o Campamento romano, a Igrexa Visigótica e as termas no Concello de Bande e o Pazo de Texada, a Torre de Guntimil, ou a rectoral de Couso de Salas no Concello de Muíños. Pero tamén cabe destacar a riqueza paisaxística compartida polos dous concellos tales como o Parque Natural ou o río Limia, o cal separa ambos concellos. Estas circunstancias fan que o pilar para o desenvolvemento dos dous concellos sexa o turismo. Polo que os Concellos de Bande e Muíños, fan o longo de todo o ano esforzos para a protección e mantemento dos espazos naturais.





As ribeiras do encoro das Conchas, onde podemos encontrar no Concello de Muíños o Complexo Turístico O Corgo, e no Concello de Bande o campamento romano, as termas ou a área recreativa de Porto Quintela, actualmente atópanse degradadas ou contaminadas.

Estes concellos son un referente turístico na provincia de Ourense, con especial incidencia na tempada de verán xa que son numerosos os visitantes que se acercan para disfrutar dos paraxes naturais.

Ambas ribeiras se encontran en estado de deterioro e abandono, podendo atopar toda clase de lixo, que van dende plásticos, derrames de gasoil, pesticidas... o que poden ocasionar perigos graves para zona, tales como a destrución da natureza existente, a contaminación do río e a aparición de incendios forestais.

Os Concello de Bande e Muíños contan con vehículos e con recursos materiais necesarios para levar a cabo tarefas para a protección e mantemento destes espazos. Sen embargo non conta cos medios persoais necesarios para facer fronte as actuacións a levar a cabo para recuperar as ribeiras do encoro das Conchas, polo que solicitan a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a contratación dunha Brigada de protección e mantemento de espazos naturais formada por seis traballadores, durante un período de catro meses e medio, os cales realizarán as tarefas necesarias para lograr conseguir o obxectivo de protección do medio ambiente e do espazo natural, mediante unha brigada destinada a tal fin, (artigo 3.4. da Orde do 21 de decembro de 2016) que compartirían os concellos de Bande e Muíños .



Este contexto local insírese nun marco orzamentario fortemente restritivo que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades dos concellos de Bande e Muíños para afrontar en solitario o compromiso económico derivado da contratación dunha brigada ambiental, que constitúe o obxecto de subvención.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor dos Concellos de Bande e Muíños.

Oitavo. Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dos Concellos de Bande e Muíños, no que se fai preciso que estes concellos contan cunha brigada ambiental, como parte necesario para o desenvolvemento das funcións que teñen encomendadas, de forma que se preste un mellor servizo á veciñanza.

Noveno. Os concellos cumpren cos requisitos para obter a condición de beneficiarios da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo. O 19 de xullo de 2016 os concellos de Bande e Muíños asinan un convenio de colaboración polo que se asocian para a xestión compartida dunha brigada de protección e mantemento de espazos naturais. Neste convenio se designa ao Concello de Bande responsable técnico e administrativo da xestión da axuda para o financiamento da brigada,





e polo tanto representante da asociación de concellos e encargado de realizar a solicitude e xustificación das axudas.

Décimo primeiro. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a cooperación antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e o Concellos de Bande e Muíños acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

1. O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os Concellos de Bande e Muíños para o mantemento dunha brigada de protección e mantemento dos espazos naturais.



O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a prestación dun servizo público de forma eficaz e eficiente.
 - Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
 - Dar resposta ás necesidades do elevado incremento estacional de poboación mediante unha axeitada planificación previa
 - Valorizar os recursos dispoñibles
2. A brigada estará composta por un mínimo de 6 membros, cun custo estimado para 4 meses e medio de TRITA E OITO MIL EUROS (38.000,00€), segundo o orzamento achegado polo Concello de Bande que se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.
 3. A brigada de protección e mantemento dos espazos naturais. desenvolverá as seguintes funcións:
 - Rozas nas dúas zonas.
 - Limpeza e retirada de pequenos vertidos incontrolados.
 - Mantemento e conservación de zonas recuperadas.
 - Recuperacións paisaxísticas de vertedoiros.

Segunda. Obrigas dos concellos de Bande e Muíños.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas dos Concellos de Bande e Muíños:

1. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
2. A xestión da brigada, nos aspectos materiais, técnicos ou de servizo, entre outros, incluída a coordinación, dirección, organización e funcionamento; entre outras:
 - a. A selección do persoal adscrito ao grupo.





- b. Asumir a adscrición orgánica e funcional do persoal deste grupo.
 - c. Coordinar o grupo.
 - d. Aboar mensualmente as nóminas e demais custos derivados da contratación do persoal.
 - e. Tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas e instalacións do grupo.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
- a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitava deste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
6. De ser o caso, seleccionar o persoal adscrito á brigada de conformidade coa normativa de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, especialmente a normativa de aplicación no ámbito local ou, en todo caso, baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. O alcalde do concello de Bande é o representante legal da asociación, con poderes



suficientes para cumprir todas as obrigas que coma entidade beneficiaria corresponden a agrupación e actuará como coordinador, interlocutor receptor e xustificador da axuda.

9. Os concellos de Bande e Muíños asumen o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención
10. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de TRINTA E OITO MIL EUROS (38.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.0 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.


Cuarta. Gastos subvencionables

1. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido os concellos como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio, incluso aqueles que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.
2. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula quinta.
3. A brigada dependerá xuridicamente dos Concellos de Bande e Muíños, que son a entidade contratante, e en ningún caso o seu persoal terá vínculo laboral nin doutro xénero coa Xunta de Galicia.

Quinta. Conta xustificativa

Para percibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Bande, como representante da agrupación de concellos, deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.





- b) Certificación expedida polo secretario/a do concello representante, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- c) De ser o caso, certificación emitida pola secretaría do concello representante na que se faga constar que na contratación do persoal integrante da brigada seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas ou, de ser o caso, con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
- d) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.
- e) Declaración responsable asinada polo representante da entidade beneficiaria en que se faga constar que a entidade beneficiaria non está/n incurso/s en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria/s dunha subvención.
- Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que as entidades locais beneficiarias se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non son debedoras por resolución de procedemento de reintegro.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano tramitador desta subvención, expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.


A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 1 de decembro de 2016.

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sexta. Efectividade dos pagamentos

Para os efectos do artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

O concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula sexta, letra b.2, no prazo máximo de sesenta días naturais





contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do Concello do aboamento da subvención concedida.

A efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

1. Os gastos acredítanse mediante a presentación de nóminas e TC2.
2. Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
 - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos TC2 e o recibo de cargo en conta emitido pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
 - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do I.R.P.F., nos supostos en que este sexa subvencionable.

Os xustificantes de transferencias bancarias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, e serán documentos orixinais.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola entidade beneficiaria das subvencións e nel constará a identificación da persoa e cargo que asina o xustificante de pagamento. Para estes efectos non se admitirán selos de compulsas.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o Concello representante presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

Sétima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

Producirase a perda do dereito dos Concellos de Bande e Muíños ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:

- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto na cláusula quinta deste convenio.
- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención, que é o mantemento dunha brigada municipal. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial.
 - De ser o caso, non acreditar na forma establecida na cláusula sexta que na contratación do persoal integrante da brigada se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.





- O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula sexta.

A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Oitava. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11º da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.


Novena. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

Décima. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.



Décimo primeira. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión de mixta de seguimento, integrada por un representante da Dirección Xeral de Administración Local e un representante de cada un dos concellos.

A comisión rexerá polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

Décimo segunda. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por denuncia unilateral con preaviso de dous meses ou por mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgũa das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute e/ou xustifique a realización do obxecto da subvención nos termos establecidos neste convenio.

Décimo terceira. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 1 de decembro de 2016.

Décimo cuarta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo quinta. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sexta. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e
conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e
Xustiza




Alfonso Rueda Valenzuela

O alcalde do Concello de
Bande



José Antonio Armada Pérez

O alcalde do Concello de
Muíños



Plácido Álvarez Dobaño



ANEXO ORZAMENTO
BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS

NOMINA	
Salario Base	895,59 €
P.P. Pagas Extras	149,26 €
Total devindicado	1.044,85 €
Base de Cotización	1.044,85 €
Continxencias comúns (4,70%)	49,10 €
Desemprego (1,60 %)	16,72 €
Formación Profesional (0,10%)	1,04 €
IRPF (2 %)	20,90 €
TOTAL DEDUCCIONS	87,76 €
LIQUIDO NOMINA	957,09 €
TOTAL CUSTO TRABALLADOR/MES	1.407,41 €

Seguridade social Empresa	
Continxencias comúns (23,60%)	246,58 €
Desemprego (6,70 %)	70,00 €
FOGASA (0,20 %)	2,09 €
Formación Profesional (0,60%)	6,28 €
I.T. e I.M.S. (2,10+1,50= 3,60 %)	37,61 €
TOTAL S.S. EMPRESA	362,56 €

CATEGORIA	PEON BRIGADA MEDIOAMBIENTAL
CNAE	8411
COTIZACIÓN	Código Ocupación G (3,60%)
GRUPO	10
CONTRATO	401 Obra ou servizo Interés social. T.completo.
Custo total traballador/mes	1.407,41 €
Período de contratación	4,5 meses
Número de traballadores	6 peóns
Custo total salarios	28.210,95 €
Custo total Seguridade social	9.789,05 €
Custo total contratacións	38.000,00 €

